



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE

### NOVEMBRO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e un de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria por delegación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.- Correspondencia.**

- Escrito da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, rexistrado de entrada o día 14 de novembro de 2011 co número 18.172, no que se comunica a resolución do seu secretario pola que se acorda inscribir no Rexistro de Operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, a modificación dos datos inscritos relativos ao Concello de Cambre.

- Escrito do Servizo Galego de Saúde (Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia), rexistrado de entrada o día 17 de novembro de 2.011 co número 18.336, polo que se comunica a posición deste organismo acerca da “moción presentada respecto das deficiencias no servizo nocturno no Centro de Saúde de Cambre”.

- Orde, publicada no DOG o día 17 de novembro de 2.011, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións ás asociacións de comerciantes sen fin de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións cofinanciadas polo Feder, no marco do programa operativo Feder Galicia 2.007-2.013, para

a incentivación da demanda comercial, an desenvolvemento do Plan ÁGORA, agora Re-comercia 2.010-2.013, e se procede á súa convocatoria (IN220A).

**3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa sobre o desenvolvemento da reunión celebrada en Madrid o pasado 18 de novembro, entre a Subdirección Xeral de Cooperación Económica Local e as Entidades beneficiarias dos fondos FEDER.

Signala que o concello de Cambre só ten executado o 16% da axuda concedida, unha porcentaxe demasiado baixa. Segundo lles indicaron, existe risco de desinversión para os Estados, que poden deixar de percibir axudas, e, prevese, que os Concellos con peor execución sexan os máis afectados. Ademáis, o nivel de execución vinculará á hora de solicitar as axudas do Feder 2.013.

Para rematar a súa intervención, o señor Concelleiro sinala que haberá que axilizar as xustificacións do executado, licitar todo o posible antes de finais de ano e incorporar o importe das baixas a modificacións doutros proxectos tamén incluídos no ARUME, co fin de melloralos.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa respecto da finalización de tres cursos (dous para sociosanitarios e un de enerxía solar técnica) cuxos diplomas foron xa entregados pola Conselleira de Traballo, que tamén visitou o Centro de Formación.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Con respecto á elaboración de ordenanzas fiscais, a concelleira informa que a técnica de xestión orzamentaria de ingresos e control financeiro está a traballar neste tema e en breve daráselle traslado das mesmas á Interventora.

Neste punto ábrese o debate en torno á elaboración dunha ordenanza fiscal que grave a tenencia de animais e á consideración do ámbito obxectivo de aplicación de dita ordenanza; o señor alcalde conclúe que os animais tipificados como perigosos deberían ter un tratamento diferenciado.

Por último informa a concelleira dona Marta María Vázquez Golpe de que ao Concello lle foi concedida a marca “Rock in Cambre”, solicitada no mes de xullo.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que o proxecto de “Humanización do Campo da Feira” será remitido a Patrimonio a comezos da vindeira semana e informa, así mesmo, que se sigue coa elaboración do borrador da Ordenanza reguladora de terrazas.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

O señor concelleiro don Manuel Marante Gómez informa, respecto da marquesiña rota que existe no cruce de Brexo-Lema, dirección Andeiro, que xa se puxo en contacto co seguro para arranxala.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

O señor concelleiro don Santiago Ríos Rama informa do éxito da “festa do cogumelos” que se celebrou no día de onte con gran afluencia de público dende as 11:00 da mañá ata as 14:30 horas.

Así mesmo, informa que o próximo sábado, o escritor Xosé Luis Méndez Ferrín visitará o “Local de la Juventud de Cecebre” e, a continuación, terá lugar un concerto ofrecido pola “Escola de Música e Banda Sementeira”.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa respecto do inauguración da Pista de Skate á que asistirán cinco deportistas de diferentes modalidades e que terá lugar o sábado día 3 de decembro.

Pola súa banda, o señor alcalde informa de que a Comisión de Facenda da Deputación aprobou, por unanimidade, a subvención destinada á Casa da Cultura, asunto que irá ao Pleno provincial o próximo día 25.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental  
  
Verónica María Otero López